

CONTIDOS MÍNIMOS E CUALIFICACIÓNS. 3º ESO. VALORES ÉTICOS.

Este aspecto da programación fixa aqueles contidos imprescindibles da materia, pero tamén básicos ou suficientes en 3º da ESO para considerar que un alumno pode superar Xeografía e Historia se conseguiu asimilalos e dominalos.

Dos **contidos** do *currículum* seleccionamos os seguintes **mínimos**:

- Comprender e definir en que consiste a identidade persoal.
- Reflexionar sobre a propia identidade persoal.
- Definir e diferenciar o temperamento e o carácter.
- Razoar sobre a posibilidade de incidir ou transformar a propia identidade.
- Establecer os ámbitos da vida pública e a vida privada.
- Reflexionar sobre os límites da liberdade persoal e a responsabilidade das nosas accións.
- Analizar situacións en que a moral e a lei entran en conflito.
- Reflexionar en grupo sobre un dilema moral.
- Identificar valores e virtudes que favorecen a convivencia.
- Entender en que consiste e asumir o deber de auxilio a outras persoas.
- Relacionar a liberdade e a responsabilidade.
- Reflexionar sobre a propia responsabilidade nas accións que realizamos libremente.
- Identificar e diferenciar comportamentos morais, inmoraís e amorais.
- Reflexionar sobre os condicionamentos da conduta humana.
- Comprender e asumir a importancia das normas e mais os valores para a convivencia e a vida social.
- Valorar positivamente a política como instrumento necesario para vivir en sociedade.
- Caracterizar a democracia como goberno do pobo.
- Valorar a democracia como sistema político que vela polo respecto dos dereitos humanos.
- Identificar formas de goberno que non respectan os dereitos humanos.
- Identificar e describir os valores propios dunha sociedade democrática.
- Identificar os elementos chave no funcionamento dun sistema democrático: sufraxio universal, vontade popular e pluralismo político.
- Entender e asumir a importancia e a obrigatoriedade do pagamento de impostos como contribución ao mantemento dunha sociedade xusta e democrática.
- Explicar polo miúdo en que consiste o Estado do benestar.
- Caracterizar as tipoloxías de dereitos que se recollen na DUDH e os artigos en que se recollen.

- Recoñecer e razoar sobre os aspectos e repercusións negativos do desenvolvemento científico, tecnolóxico e industrial.
- Entender a existencia de límites éticos ao avance tecnocientífico.
- Analizar criticamente os modelos de crecemento económico baseado na sobreexplotación dos recursos naturais.
- Coñecer e asumir modelos de crecemento económico sostibles e respectuosos co contorno.

AVALIACIÓN, CUALIFICACIÓN E PROMOCIÓN

Dado o reducido número de alumnos, non se realizará ningún exame, senón que se terá en conta o traballo práctico realizado ao longo do curso. A cualificación realizarase en función da entrega e calidade dos traballos realizados e da participación activa nos debates e comentarios en clase que quedará rexistrada no caderno do/a profesor/a.

CONTIDOS MÍNIMOS E CUALIFICACIÓN. 4º ESO. VALORES ÉTICOS.

Este aspecto da programación fixa aqueles contidos imprescindibles da materia, pero tamén básicos ou suficientes en 4º da ESO para considerar que un alumno pode superar Xeografía e Historia se conseguiu asimilalos e dominalos.

Dos **contidos** do *currículum* seleccionamos os seguintes **mínimos**:

UNIDADE 1. VALORES PARA UN MUNDO GLOBALIZADO

- A comprensión da dignidade como base dos nosos dereitos.
- Os límites da intervención estatal ditados pola Declaración Universal dos Dereitos humanos.
- O respecto ás liberdades fundamentais e a liberdade de conciencia na actualidade.
- Os riscos da globalización.
- A importancia dos medios de comunicación e a necesidade da súa regulación ética.

UNIDADE 2. A IMPORTANCIA DA ÉTICA

- Reflexión sobre a necesidade da ética na nosa sociedade.
- A importancia da autonomía na elaboración das propias normas segundo a teoría do filósofo Ortega y Gasset.
- As características da ética formal e a diferenciación entre as éticas formais e as éticas materiais.
- A teoría ética formal de Kant.
- A importancia do diálogo na ética do discurso.

UNIDADE 3. A DEMOCRACIA COMO ESTILO DE VIDA

- A adquisición dos valores da democracia: a xustiza, a igualdade e a solidariedade.
- Os principais deberes cívicos dos cidadáns.
- Os riscos que pode ocasionar unha globalización sen control.
- A necesidade de frear o consumismo.
- A importancia de protexer os nosos dereitos.

UNIDADE 4. SOCIEDADE E XUSTIZA. OS DEREITOS HUMANOS

- Análise de casos nos que a lei e a moral non coinciden.
- Reflexión sobre que facer nos casos nos que a lei non é xusta: obxección de conciencia e desobediencia civil.
- A teoría de Rawls sobre a xustiza.
- A loita pola defensa dos dereitos humanos.
- Os órganos que se encargan do cumprimento dos dereitos humanos: o Tribunal Europeo de Dereitos Humanos e a Corte Penal Internacional.

UNIDADE 5. O DEREITO Á PAZ

- A paz e a seguridade, dereitos fundamentais do individuo que están garantidas pola Constitución Española.
- As ameazas para a paz do noso planeta.
- A necesidade de tomar conciencia sobre os graves perigos que pode ocasionar o cambio climático para a supervivencia da nosa especie.
- A magnitude das guerras e as consecuencias devastadoras para as súas vítimas.
- As políticas de defensa da paz no ámbito estatal e europeo.

UNIDADE 6. ÉTICA, CIENCIA E TÉCNICA

- As implicacións do desenvolvemento tecnocientífico para valorar a súa viabilidade.
- O código deontolóxico de obrigado cumprimento no mundo da ciencia, a técnica, o traballo e a economía.
- A responsabilidade ética da actividade empresarial.
- A nosa responsabilidade como consumidores de ser conscientes da orixe e a produción dos produtos que compramos.

AVALIACIÓN, CUALIFICACIÓN E PROMOCIÓN

Dado o reducido número de alumnos, non se realizará ningún exame, senón que se terá en conta o traballo práctico realizado ao longo do curso. A cualificación realizarase en función da entrega e calidade dos traballos realizados e da participación activa nos debates e comentarios en clase que quedará rexistrada no caderno do/a profesor/a.